



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SERVIZO DE RECURSOS HUMANOS

Anuncio

PUBLICACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO ADOPTADO EN SESIÓN CELEBRADA O 3 DE AGOSTO DE 2018 SOBRE A CONVOCATORIA E AS BASES XERAIS E ESPECÍFICAS QUE REXERÁN O CONCURSO - OPOSICIÓN AO OBXECTO DE CONSTITUÍR UNHA LISTAXE DE EMPREGO TEMPORAL PARA A CATEGORÍA DE "DELINEANTE" AO OBXECTO DE ATENDER AS NECESIDADES DESTE TIPO DE PERSOAL NOS SUPOSTOS PREVISTOS NO ARTIGO 10.1 do Real Decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

En sesión celebrada o día 3 de agosto de 2018, a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo por unanimidade, **ACORDA:**

1º.- Aprobar as Bases Específicas que rexerán o procedemento selectivo, mediante o sistema de concurso - oposición libre para a creación dunha listaxe de emprego temporal de *DELINEANTE (Técnico Auxiliar, Grupo C, subgrupo C1)* para xestionar de xeito áxil as necesidades deste tipo de persoal e poder efectuar nomeamento de persoal funcionario/a interino/a polas causas reguladas no art. 10.1 da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

Con respecto ás Bases Xerais que rexerán neste procedemento selectivos estarase ás aprobadas por acordo da Xunta de Goberno na súa sesión do día 04 de decembro de 2015 (publicadas no BOP nº 289 de data 17/12/2015).

2º.- Convocar publicamente a quen desexe participar nestas probas selectivas, para constituír unha listaxe para emprego temporal das seguintes características:

- **DENOMINACIÓN PRAZA/EMPREGO/POSTO: DELINEANTE**
- **GRUPO/SUBGRUPO: C/C1.**
- **CLASIFICACIÓN:** Escala de Administración Especial, Subescala Técnica, Técnico/a Auxiliar.

3º.- Ordenar que se realicen cantos trámites sexan necesarios para desenvolver este procedemento selectivo.

Lugo, 6 de setembro do 2018.- O SECRETARIO, Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN O CONCURSO - OPOSICIÓN AO OBXECTO DE CONSTITUÍR UNHA LISTAXE DE EMPREGO TEMPORAL DE DELINEANTE.

1.- **OBXECTO DA CONVOCATORIA:** Constitución de listaxe de aspirantes a prestar servizos temporais como **DELINEANTE.**

2.- **RELACIÓN XURÍDICA:** Funcionario Interino regulado no art. 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

3.- **CARACTERÍSTICAS DA PRAZA/POSTO/EMPREGO:**

- **DENOMINACIÓN: DELINEANTE.**
- **GRUPO/SUBGRUPO DE CLASIFICACIÓN: C/C1.**
- **CLASIFICACIÓN:** Escala de Administración Especial. Subescala Técnica, Técnico/a Auxiliar.

4.- **BASES DA CONVOCATORIA:**

A) BASES XERAIS : Con respecto ás Bases Xerais que rexerán neste procedemento selectivos estarase ás aprobadas por acordo da Xunta de Goberno na súa sesión do día 04 de decembro de 2015 (publicadas no BOP nº 289 de data 17/12/2015).

B) BASES ESPECÍFICAS: As bases específicas que rexeran este proceso selectivo para constituír a listaxe serán as recollidas nos seguintes apartados

5.- FUNCIONES DA PRAZA/POSTO DE TRABAJO:

O cometido funcional desta praza e posto de traballo consistirá na realización das funcións propias da praza, conforme á titulación esixida, baixo a dirección e supervisión correspondente, así como outras, que dentro da súa competencia, poidan ser encomendadas polos órganos competentes da Deputación provincial en calquera dos servizos desta.

Os ocupantes destes postos realizarán as funcións que, conforme á relación de postos de traballo vixente ou disposición que a substitúa, se determinen para este.

En ausencia de fixación destas na RPT, realizará as que lle sexa atribuídas por calquera outra norma, polo Xefe da Área ou Servizo correspondente de acordo coas necesidades do centro, área ou servizo.

6.- REQUISITOS INDISPENSABLES. TITULACIÓN ACADÉMICA: Técnico Superior en Proxectos de Edificación; Técnico Especialista en Edificios e Obras, rama Delineación; Técnico Especialista en Delineante de Edificios e Urbanismo, rama Delineación; Técnico Especialista en Diseño de Interiores, rama Delineación; Técnico Superior en Desenvolvemento e Aplicación de Proxectos de Construción; ou equivalentes.

7.- NIVEL DE GALEGO ESIXIDO: CELGA 4.

8.- PROGRAMA.

A) MATERIAS COMÚNS.

Tema 1.- A Constitución Española de 1978 e principios xerais desta. O Estatuto de Autonomía de Galicia.

Tema 2.- As fontes do Dereito Público na Administración Local. A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Os dereitos das persoas nas súas relacións coas administracións públicas.

Tema 3.- A provincia no réxime local. A Deputación de Lugo e as súas competencias. O Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP nº 170 do 26/07/2018).

Tema 4.- O persoal ao servizo da Administración Local. Clases. Dereitos e deberes dos empregados públicos. O código de conduta. Principios éticos e de conduta. A responsabilidade do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

B) MATERIAS ESPECÍFICAS.

Tema 5.- Principios xerais de representación. Escalas de debuxo, concepto e aplicacións. Xeneralidades sobre normalización: DIN, ISO, UNE. Tipos de papel e formatos. Rotulación.

Tema 6.- Representación de pezas, liñas vistas e ocultas. Vistas principais. Vistas necesarias. Exemplos. Sección ou cortes. Particularidades sobre seccións. Seccións parciais.

Tema 7.- Sistema diédrico. Perspectiva cabaleira. Proxección axonométrica. Perspectiva cónica.

Tema 8.- Planos cotados. Cartografía e debuxo cartográfico. Nocións xerais. Curas de nivel, directoras, interpoladas. Signos convencionais.

Tema 9.- Definición e representación de elementos arquitectónicos. Documentos de proxecto. Documentación gráfica. A acoutación: xeneralidades, regras e tipos. Toma de datos e medicións.

Tema 10.- Os orzamentos. Documentos dun orzamento: medicións, cadro de prezos, auxiliares de descompostos. Aplicación a programas de medicións: conceptos básicos, formatos e bases de datos.

Tema 11.- Conceptos básicos de informática. Operacións básicas de ficheiros; copiado, copias de seguridade, compresión, etc. Intercambio de información e gravación de ficheiros en distintos soportes. Tipos de ficheiros, raster, vector e datos. Intercambio de ficheiros entre os distintos programas de CAD.

Tema 12.- O debuxo asistido por ordenador. Programas Autocad/MicroStation. Conceptos básicos. Funcións e aplicación práctica. Espazo de deseño, follas, unidades de traballo. Modelos e ficheiros semente. Creación e modificación de bloques ou células.

Tema 13.- A imaxe dixital. Definición. Principais características. Fotoimpresión e emprego de ortofotomapas. A Ortofotografía. Xeorreferenciación e dixitalización. Cultivos e usos do solo.

Tema 14.- Cartografía, topografía e xeodesia. Concepto de escala, escalas gráficas, ampliacións e reducións. Sistemas de representación cartográfica. Xeneralidades sobre cartografía e xeodesia; xeode, elipsoide, lonxitude, latitude, meridianos, paralelos. Sistemas de proxección e sistemas de coordenadas: xeográficas e UTM. Estación total, GPS. Aliñacións e rasantes. Perfís lonxitudinais e transversais. A cartografía na internet e as infraestruturas de datos espaciais.

Tema 15.- Sistemas de información xeográfica. Conceptos xerais. Introducción e consulta de datos. Importación de formatos CAD a programas SIG. Diferencias entre CAD e SIG. As xeodatabases. Consulta, análises espaciais básicos e por atributos, edición modelos, creación de informes de impresión. Mapas, capas, etiquetas, táboas e datos e entidades.

Tema 16.- Conceptos básicos do CTE aprobado polo RD 314/2006, do 17 de marzo: ámbito de aplicación. Esixencias básicas.

Tema 17.- Seguridade e saúde nas obras de construción: estudo de seguridade e saúde e estudo básico de seguridade e saúde: obrigatoriedade e contido: Plan de seguridade e saúde. Libro de incidencias. Funcións do coordinador de seguridade e saúde.

Tema 18.- Normativa de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas na Comunidade Autónoma de Galicia. Documento básico SUA. Seguridade de utilización e accesibilidade.

Tema 19.- Xeración informática de modelos tridimensionais e imaxes fotorrealistas. O concepto de modelado, renderizado e animación. Luces, cámaras, materiais e texturas. Superficies e sólidos. Software.

Tema 20.- Ofimática: Procesadores de texto. Bases de datos. Follas de cálculo.

Lugo, 6 de setembro do 2018.- O SECRETARIO, Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

ANEXO I DAS BASES XERAIS QUE REGULAN AS NORMAS PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL INTERINO/TEMPORAL.

DATOS DA PRAZA / EMPREGO / LISTAXE QUE SOLICITO:

DENOMINACIÓN:	
ADSCRICIÓN:	
RÉXIME XURÍDICO:	
DATA PUBLICACIÓN CONVOCATORIA BOP:	

DATOS PERSOAIS:

PRIMEIRO APELIDO:	SEGUNDO APELIDO:	NOME:
DNI:	TELÉFONO PARTICULAR:	TELÉFONO MÓBIL:
DOMICILIO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS:	MUNICIPIO E PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:
CORREO ELECTRÓNICO:		

EXPOÑO:

Que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases xerais e específicas:

- Ter nacionalidade española, comunitaria ou asimilada.
- Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder da idade máxima establecida para a xubilación forzosa.
- Estar en posesión do título de.....
- Posuír a capacidade física e psíquica necesaria para o exercicio das correspondentes funcións.
- Non estar inhabilitado nin suspendido para o exercicio de funcións públicas e non ter sido separado do servizo dunha Administración Pública.

SOLICITO:

- Ser admitido para participar no procedemento selectivo.

Marcar en caso afirmativo:

- A exención de realizar a proba de galego por posuír o nivel esixido nas Bases específicas.

- A adaptación das probas que se sinalan a continuación, por acreditar unha discapacidade igual ou superior ao 33% e o motivo da discapacidade:

Descrición proba e adaptación solicitada.

(Sinatura)

Lugo, de de

AO PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

MÉRITOS QUE DEBERÁN SER ACREDITADOS DOCUMENTALMENTE POLOS ASPIRANTES SEGUNDO SE SINALA NA BASE XERAL 9.2.

A) EXPERIENCIA PROFESIONAL (Máximo 6 puntos)

DESEMPEÑO DE PRAZAS/POSTO/EMPREGOS NA ADMÓN. PÚBLICA.		
DENOMINACIÓN ADMINISTRACIÓN.	DENOMINACIÓN PRAZA / POSTO / EMPREGO.	TEMPO DE SERVIZOS.

DESEMPEÑO DE POSTOS/EMPREGOS NA EMPRESA PRIVADA.		
DENOMINACIÓN DA EMPRESA.	DENOMINACIÓN DO EMPREGO.	TEMPO DE SERVIZOS.

B) TITULACIÓNS ACADÉMICAS (Máximo 2 punto).

C) CURSOS, XORNADAS, SEMINARIOS , CONGRESOS E SIMILARES RELACIONADAS COAS FUNCIÓNS DO POSTO/FUNCIÓN Á QUE SE OPTA (Máximo 4 puntos).

ASISTENCIA		
Nº ORDE.	DENOMINACIÓN DA ACCIÓN FORMATIVA.	Nº HORAS.
1		
2		
3		
4		
5		

APROVEITAMENTO		
Nº ORDE.	DENOMINACIÓN DA ACCIÓN FORMATIVA.	Nº HORAS.
1		
2		
3		
4		
5		

IMPARTICIÓ.		
Nº ORDE.	DENOMINACIÓN DA ACCIÓN FORMATIVA.	Nº HORAS.
1		
2		
3		
4		
5		
6		

PUBLICACIÓNS, PROXECTOS, MASTERS PROPIOS, SEMINARIOS, ETC.	
Nº ORDE.	DENOMINACIÓN.
1	
2	
3	

4	
5	
6	
7	
8	
9	
10	

D) IDIOMA GALEGO (Máximo 1 punto).

Nº. ORDE.	DENOMINACIÓN DA ACCIÓN FORMATIVA OU TITULACIÓN.
1	
2	
3	
4	
5	
6	

E) IDIOMAS COMUNITARIOS (Máximo 1 punto).

Nº ORDE.	DENOMINACIÓN DA ACCIÓN FORMATIVA OU TITULACIÓN.
1	
2	
3	
4	
5	
6	
7	

F) SUPERACIÓN DE PROBAS (Máximo 1 punto).

PROBA SUPERADA.	Nº BOLETÍN OFICIAL DE PUBLICACION DA CONVOCATORIA

En virtude da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro de Protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais que proporcione será tratados pola Deputación de Lugo coa única finalidade de tramitar a solicitude. Poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, dirixíndose por escrito á Deputación Provincial de Lugo, calle San Marcos, 8, 27001 LUGO.

CONCELLOS**BURELA***Anuncio***APROBACIÓN DEFINITIVA MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚM. 13/2018**

En cumprimento do artigo 169.1 por remisión do 179.4 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, ao non haberse presentado alegacións durante o prazo de exposición ao público, quedou automaticamente elevado a definitivo o Acordo plenario de aprobación inicial deste Concello, adoptado en data 02 de agosto de 2018, sobre expediente de modificación de créditos núm. 1635/2018, coa modalidade de transferencia de créditos entre aplicacións de distinta área de gasto que non afectan a baixas e altas de créditos de persoal, co seguinte detalle:

Altas en aplicacións de gastos

Aplicación		Descrición	Créditos iniciais	Modificacións de crédito	Créditos finais
Progr.	Económ.				
132	12009	RETRIBUCIÓN BÁSICAS	14.324,47	5.200,92	19.525,39
135	13000	RETRIBUCIÓN BÁSICAS	8.364,00	459,77	8.823,77
151	12009	RETRIBUCIÓN BÁSICAS	18.048,79	7.347,11	25.395,90
151	131	LABORAL TEMPORAL	17.962,98	1.070,04	19.033,02
170	12009	RETRIBUCIÓN BÁSICAS	2.712,36	1.289,22	4.001,58
171	12009	RETRIBUCIÓN BÁSICAS	2.568,00	1.118,33	3.686,33
171	131	LABORAL TEMPORAL	20.121,06	467,44	20.588,50
231	12009	RETRIBUCIÓN BÁSICAS	4.858,22	4.319,43	9.177,65
231	131	LABORAL TEMPORAL	124.103,84	347,13	124.450,97
234	131	LABORAL TEMPORAL	140.829,90	3.030,59	143.860,49
236	13000	RETRIBUCIÓN BÁSICAS	28.187,40	1.421,73	29.609,13
241	13000	RETRIBUCIÓN BÁSICAS	15.008,88	971,75	15.980,63
241	131	LABORAL TEMPORAL	18.824,02	598,11	19.422,13
321	131	LABORAL TEMPORAL	7.224,51	154,84	7.379,35
323	131	LABORAL TEMPORAL	59.499,63	1.655,53	61.155,16
326	131	LABORAL TEMPORAL	57.038,88	1.224,95	58.263,83
330	13000	RETRIBUCIÓN BÁSICAS	42.382,20	1.692,95	44.075,15
333	13000	RETRIBUCIÓN BÁSICAS	7.335,72	300,67	7.636,39
337	13000	RETRIBUCIÓN BÁSICAS	13.442,16	528,11	13.970,27
341	13000	RETRIBUCIÓN BÁSICAS	9.780,72	379,06	10.159,78
432	131	LABORAL TEMPORAL	8.584,39	183,03	8.767,42
433	13000	RETRIBUCIÓN BÁSICAS	31.160,10	1.226,34	32.386,44
491	131	LABORAL TEMPORAL	13.139,04	412,23	13.551,27
493	13000	RETRIBUCIÓN BÁSICAS	8.870,40	363,05	9.233,45
920	12009	RETRIBUCIÓN BÁSICAS	22.488,49	5.157,12	27.645,61
920	131	LABORAL TEMPORAL	21.776,69	727,47	22.504,16

931	12009	RETRIBUCIÓN BÁSICAS	12.832,22	2.553,41	15.385,63
TOTAL			731.469,07	44.200,33	775.669,40

Baixas ou Anulacións en Concepto de Gastos

Aplicación		Descrición	Créditos iniciais	Baixas ou anulacións	Créditos finais
Progr.	Económica				
241	233	OUTRAS INDEMNIZAC.	43.945,41	6.795,32	37.150,09
132	500	FONDO DE CONTINXENCIA	4.800,85	4.800,85	0,00
135	500	FONDO DE CONTINXENCIA	424,40	424,40	0,00
151	500	FONDO DE CONTINXENCIA	6.781,95	6.781,95	0,00
170	500	FONDO DE CONTINXENCIA	1.190,05	1.190,05	0,00
171	500	FONDO DE CONTINXENCIA	1.032,30	1.032,30	0,00
231	500	FONDO DE CONTINXENCIA	3.987,17	3.987,17	0,00
234	500	FONDO DE CONTINXENCIA	2.797,47	2.797,47	0,00
236	500	FONDO DE CONTINXENCIA	1.312,37	1.312,37	0,00
241	500	FONDO DE CONTINXENCIA	897,00	897,00	0,00
323	500	FONDO DE CONTINXENCIA	1.528,18	1.528,18	0,00
326	500	FONDO DE CONTINXENCIA	1.130,72	1.130,72	0,00
330	500	FONDO DE CONTINXENCIA	1.562,72	1.562,72	0,00
333	500	FONDO DE CONTINXENCIA	277,54	277,54	0,00
337	500	FONDO DE CONTINXENCIA	487,49	487,49	0,00
341	500	FONDO DE CONTINXENCIA	349,90	349,90	0,00
433	500	FONDO DE CONTINXENCIA	1.132,01	1.132,01	0,00
491	500	FONDO DE CONTINXENCIA	260,35	260,35	0,00
493	500	FONDO DE CONTINXENCIA	335,12	335,12	0,00
920	500	FONDO DE CONTINXENCIA	4.760,42	4.760,42	0,00
931	500	FONDO DE CONTINXENCIA	2.356,99	2.356,99	0,00
TOTAL			81.350,41	44.200,32	37.150,09

Contra o presente acordo, en virtude do disposto no artigo 113 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Sen prexuízo delo, a tenor do establecido no artigo 113.3 da Lei 7/1985, a interposición do devandito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

Burela, 4 de setembro de 2018.- O Alcalde, Alfredo Llano García.

R. 2523

GUNTÍN

Anuncio

Aprobado definitivamente a modificación da plantilla deste Concello de Guntín, ao non presentarse ningunha reclamación no período de exposición ao público de aquel (BOP Nº163 de data 17/07/2018), faise público o acordo pleno de data 29 de xuño de 2018 que literalmente di:

1.- Modificar a plantilla de persoal do Concello mediante a creación das seguintes prazas:

Persoal funcionario:

2 prazas de escala Administración Xeral, Subescala técnica, Técnico de Xestión, A₂.

1 praza Escala de Administración Especial, Subescala Técnico (técnico medio). Técnico explotacións agrarias.

Persoal laboral fixo:

5 prazas de Auxiliar de Axuda a Domicilio.

Guntín, 5 de setembro de 2.018.- O Alcalde, Jesús Carreira Ferreiro.

R. 2532

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

APROBACION PADRÓNS FISCAIS 2018 E ANUNCIO DE COBRANZA

Por Xunta de Goberno Local do día 3.09.2018 aprobáronse os seguintes padróns Fiscais:

- Taxa pola prestación dos servizos no Cemiterio

- Taxa polo aproveitamento especial do dominio público local con:

a) Escaparates

b) Marquesiñas

c) Toldos

d) Colectores na vía pública

- Taxa por ocupación subsolo vía pública

- Taxa por estacionamento nas vías públicas dos autotaxis e demais vehículos de alugueiro

- Taxa por entrada de vehículos a través das beirarrúas e reserva de espazo na vía pública para aparcamentos exclusivos, carga e descarga de mercancías de calquera clase

- Taxa pola instalación de quioscos na vía pública

- Taxa postos feira

- Taxa pola utilización do dominio local no mercado ou praza de abastos

- Taxa colectores (recollida téxtiles)

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Lei eral tributaria, notifícanse colectivamente os recibos derivados destes padróns.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, expóranse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 13 da Ordenanza Xeral dos Ingresos Municipais de Dereito Público, fíxase como prazo de pago en período voluntario, dende o día 22.09.2018 ata o 22.11.2018.

De acordo co artigo 24 do Real decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, ponse en coñecemento, que no período de pago en voluntario sinalado no parágrafo anterior, os

contribuíntes que non teñan domiciliados os recibos polos conceptos sinalados, poderán facer o pago dos mesmos mediante :

- 1) Ingreso en efectivo en calquera oficina de A Banca ou Banco Sabadell en horario de atención ao público
- 2) A través de caixeiros automáticos nas devanditas entidades financeiras
- 3) A través da páxina web do Concello www.monfortedemos.es

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Monforte de Lemos, 4 de setembro de 2018.- O alcalde, José Tomé Roca.

R. 2524

OUTEIRO DE REI

Anuncio

Aprobación definitiva do orzamento xeral para o exercicio de 2018

O Pleno da Corporación, en sesión celebrada o 31 de maio do 2018, aprobou inicialmente o orzamento xeral para o exercicio económico de 2018. O orzamento estivo exposto ao público, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por un prazo de quince días hábiles. Transcorrido sen reclamacións o período de información pública, queda elevado automaticamente a definitivo de conformidade co disposto no artigo 169.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, publicándose de seguido o resumo por capítulos do mesmo.

ESTADO DE GASTOS

Capítulo	Denominación	Euros
A) Operacións correntes		
1.	Gastos de persoal	1.126.319,20
2.	Gastos en bens correntes e servizos	1.935.382,22
3.	Gastos financeiros	18.000,00
4.	Transferencias correntes	235.582,55
B) Operacións de capital		
6.	Investimentos reais	2.962.791,41
7.	Transferencias de capital	0,00
8.	Activos financeiros	0,00
9.	Pasivos financeiros	0,00
SUMA TOTAL GASTOS		6.278.075,18

ESTADO DE INGRESOS

Capítulo	Denominación	Euros
A) Operacións correntes		
1.	Impostos directos	1.172.000,00
2.	Impostos indirectos	90.000,0
3.	Taxas e outros ingresos	2.478.858,54
4.	Transferencias correntes	1.609.677,09
5.	Ingresos patrimoniais	0,00
B) Operacións de capital		
6.	Alleamento de inversións reais	200.000,00
7.	Transferencias de capital	727.539,75
8.	Activos financeiros	0,00
9.	Pasivos financeiros	0,00
SUMA TOTAL INGRESOS		6.278.075,18

Publícase tamén o cadro de persoal desta Corporación, de acordo co preceptuado no art.

127 do RDL 781/1986, do 18 de abril:

CADRO DE PERSOALO. EXERCICIO 2018

A) POSTOS DE TRABALLO RESERVADOS A FUNCIONARIOS DE CARREIRA

DENOMINACIÓN	NÚMERO	VACANTES	GRUPO
1.- HABILITACION DE CARÁCTER ESTATAL			
1.1 Secretario	1	0	A1
1.2 Interventor (agrupación con Castro de Rei)	1	0	A1
2.- ESCALA DE ADMINISTRACION XERAL			
Administrativos	3	0	C1
Auxiliares administrativos	2	1	C2
3.- ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL			
Arquitecta	1	0	A1
Conserxes	2	0	E
Vixilante	1	0	E
Alguacil	1	0	E

B) POSTOS DE TRABALLO PERSOAL LABORAL FIXO. ANO 2018

DENOMINACIÓN	Nº	POSTO	VACANTE
Limpiadora	1	Laboral fixo	0

O que se publica para xeral coñecemento, sinalando que contra o acordo de aprobación definitiva poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, a contar desde o da publicación deste anuncio, sen prexuízo de que poida interpoñerse calquera outro recurso que se estime procedente.

Outeiro de Rei, 3 de agosto de 2.018.- O Alcalde, José Pardo Lombao.

R. 2525

SARRIA

Anuncio

Aos efectos do disposto no artigo 169.3 do Real Decreto-Legislativo 2/2004, Texto Refundido da Lei 39/1988, reguladora das Facendas Locais ao que se remite o artigo 177.2 da mesma lei, e no art. 20.l en relación co 38.2 do Real Decreto 500/1990, faise público para xeral coñecemento que o acordo inicial adoptado polo Concello Pleno en sesión ordinaria celebrada o 5 de xullo de 2018 de modificación das bases de execución do orzamento prorrogado para 2018, queda elevado a definitivo ao non presentarse reclamacións no prazo de exposición ao público.

Sarria, 3 de setembro de 2018.- A ALCALDESA- M.^a del Pilar López Yáñez.

R. 2526

TABOADA

Anuncio

CONVOCATORIA DE EMPREGO.

O Concello de Taboada por Resolución de Alcaldía de data 22.08.2018 aprobou a convocatoria e bases para seleccionar a:

1 PRAZA DE MONITOR DE DEPORTES

- Modalidade de contratación: contrato temporal por obra ou servizo determinado.
- Duración: 10 meses
- Xornada: completa.
- Salario: 915,29 € euros brutos ao mes, inclúe o rateo da paga extra.
- Funcións: as que lles son propias segundo se recolle nas bases.
- Prazo para presentación de solicitudes: 5 días hábiles a partir da publicación do presente anuncio BOP de Lugo e no Taboleiro de anuncios do Concello de Taboada.

No caso de solicitudes por correo, rógase aviso por fax ao 982 46 50 89.

As bases atópanse dispoñibles en:

- paxina web: : www.concellotaboada.es
- oficinas xerais do Concello de Taboada.
- no taboleiro de anuncios do Concello de Taboada

Taboada, 22 de agosto de 2018.- O Alcalde, Ramiro Moure Ansoar.

R. 2447

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA
CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL. O.A. COMISARÍA DE AUGAS

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Expediente: A/27/02633E

Asunto: Extinción del derecho al aprovechamiento de aguas

Titular: Comunidad de Usuarios de la Fonte da Valiña

C.I.F. número: G27304492

Nombre del río o corriente: Manantial Fonte da Valiña

Punto localización: Lugar de Vián

Término municipal y provincia: A Pastoriza, Lugo

Caudal concedido: 0,12 l/s

Destino: Abastecimiento y uso ganadero

Título: Resolución de la Confederación Hidrográfica del Norte

Fecha: 02 de julio de 1996

Registro de Aguas: 5566, Sección A, en el Tomo 0056, hoja número 066

BREVE DESCRIPCIÓN:

Extinción del derecho del aprovechamiento de aguas incoado de oficio por este Organismo de cuenca por transcurso del plazo por el que se otorgó la concesión. Constan servidumbres.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de VEINTE (20) DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo, durante el cual podrá comparecer por escrito cualquier persona, incluido el titular del derecho, que pueda resultar afectada por la extinción del mismo, en el Concello de A Pastoriza o en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A. (Comisaría de Aguas – Rúa Progreso, 6. 32005 - Ourense).

Ourense, 31 de agosto de 2018.- El Comisario Adjunto, Alberto de Anta Montero.

R. 2527

**SECRETARÍA DE ESTADO DE MEDIO AMBIENTE. DIRECCIÓN XERAL DE SOSTENIBILIDADE
DA COSTA E DO MAR. SERVIZO PROVINCIAL DE COSTAS EN LUGO**

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA DE LA SOLICITUD DE CONCESIÓN ADMINISTRATIVA PARA INSTALACIÓN DE POSTE DE MADERA EN LA RÍA DE RIBADEO, T.M. RIBADEO

De conformidad con lo dispuesto en el artículo 74 de la Ley 22/1988, de 28 de julio, de Costas (modificada por la Ley 2/2013, de 29 de mayo, de protección y uso sostenible del litoral y de modificación de la Ley de Costas) y en el artículo 137 del Reglamento General de Costas aprobado por R.D. 876/2014, se somete a información pública la solicitud de concesión de ocupación del dominio público marítimo-terrestre de referencia, formulada por FAPAS (FONDO PARA LA PROTECCIÓN DE LOS ANIMALES SALVAJES).

El proyecto que sirve de base a la solicitud estará a disposición de cualquier persona interesada durante un plazo de VEINTE (20) DÍAS HÁBILES, contados a partir del día siguiente al de publicación de este anuncio en el Boletín

Oficial de la Provincia, y podrá ser examinado en las oficinas de este Servicio Provincial de Costas en Lugo , Ronda da Muralla, 131, 1º, 27004 Lugo y en las oficinas de este Servicio en Foz, edificio CENIMA, Avda da Ribeira s/n 3º, 27780 Foz, en horario de 9,00 a 14,00 horas de lunes a viernes; durante este plazo podrán formularse asimismo las alegaciones que se estimen oportunas

Lugo, a 4 de Septiembre de 2018.- EL JEFE DEL SERVICIO PROVINCIAL P.O. LA JEFA DEL SERVICIO DE GESTIÓN DEL DOMINIO PÚBLICO, María Reigosa Castro.

R. 2528
